

|                |  |
|----------------|--|
| N.º DE CONTROL |  |
|----------------|--|

**SEGUNDO EJERCICIO PROCESO SELECTIVO PRAZA ADMINISTRATIVO (SX1.0/004).  
PROBA PRÁCTICA**

**INSTRUCCIÓN**

NON ESTÁ PERMITIDO POÑER O NOME NO EXAME POR PARTE DAS PERSOAS ASPIRANTES, CO FIN DE MANTER O ANONIMATO DURANTE A CELEBRACIÓN E CORRECCIÓN DAS PROBAS DE SELECCIÓN. TAMPOUCO ESTÁ PERMITIDO ASINAR OS EXAMES. En caso de incumprimento desta regra por parte dalgún dos aspirantes, de verse afectado o anonimato na realización do exercicio, o Tribunal poderá acordar a súa descalificación.

A efectos de manter o anonimato, cada aspirante deberá poñer no seu exercicio UNICAMENTE O NÚMERO DE CONTROL QUE LLE CORRESPONDEU NA TARXETA IDENTIFICATIVA QUE COLLEU AO AZAR AO INICIO DO EXAME. Esa tarxeta deberá ser cuberta na parte correspondente aos seus datos identificativos. Esta parte da tarxeta será gardada nun sobre pechado que se introducirá nunha urna que se encontrará precintada, que será custodiada polo Tribunal e aberta en acto público. A parte da tarxeta que contén unicamente o número identificativo será gardada por cada aspirante.

O número de control escribirase unicamente nesta primeira páxina.

Este segundo exercicio deberá realizarse nun tempo máximo de dúas horas.

A cualificación será de 0 a 10 puntos, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non obteñan un mínimo de 5 puntos.

As bases recollen a posibilidade de que este exercicio poida ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal; para garantir o anonimato, determinouse que non se procederá a esta lectura pública, salvo que algún dos exames resulte ilexible para o Tribunal. Nese suposto procederase á convocatoria de lectura pública dos exercicios por parte de todos os aspirantes. Consecuentemente prégase que a caligrafía sexa o máis lexible posible.

Os exames deberán realizarse nos folios membretados entregados polo Tribunal, que deberán ser numerados pola persoa aspirante. Entregaranse inicialmente a cada aspirante 10 folios. Se se precisan máis poderanse solicitar dende o sitio, levantando a man.

Unha vez rematado o exame, a persoa aspirante levantará a man, un membro do Tribunal achegarse para entregarlle unha grampadora e un sobre, co fin de que grampe todos os folios do exame numerados e en orde, incluíndo todos os folios membretados entregados (aínda que algún deles se atope en branco). Finalmente o exame meterase no sobre, pecharase e entregarse ao Tribunal.

No caso de precisar folios para anotacións propias ou esquemas para a realización do exercicio, solicitaranse ao Tribunal folios en branco sen membretar, que, en ningún caso se poden introducir no sobre, e serán recollidos polo propio aspirante á finalización da proba, non podendo quedar ningún folio sobre a mesa.

## SUPOSTOS PRÁCTICOS

### SUPOSTO 1.-

**A persoa aspirante deberá elaborar, conforme á Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a notificación da seguinte resolución, que será dirixida á interesada que consta na mesma.**

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA:

D<sup>a</sup> María Carmen Gueimunde González, Alcaldesa do Concello de Viveiro, en virtude das competencias legalmente atribuídas.

Visto o expediente tramitado para o cambio de titularidade da licenza de taxi n.º 253, a favor de D<sup>a</sup>. Pepa Pérez Pérez.

#### RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar o cambio de titularidade da licenza de taxi n.º 253 a favor de D<sup>a</sup>. Pepa Pérez Pérez.

Segundo.- Notificar a presente resolución á interesada.

En Viveiro, a 1 de abril de 2025

A Alcaldesa.

Asdo. María Carmen Gueimunde González

Ante min, a Secretaria

Asdo. Mari Luz Balsa Rábade

### SUPOSTO 2.-

**A persoa aspirante deberá elaborar a convocatoria dunha sesión plenaria ordinaria, a celebrar en data 14 de abril de 2025, ás 12:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Viveiro, debendo incluírse na orde do día, a maiores dos puntos que, polo tipo de sesión deben constar, os seguintes puntos:**

- **Aprobación da acta da última sesión plenaria celebrada polo Pleno da Corporación en data 27 de marzo de 2025.**
- **Aprobación provisional da Ordenanza reguladora de benestar animal.**
- **Declaración institucional do Concello de Viveiro a favor do Día mundial do medio ambiente.**

**Os datos complementarios necesarios para a elaboración da convocatoria son os seguintes:**

**- Alcaldesa: María Carmen Gueimunde González**

**- Secretaria: Mari Luz Balsa Rábade**

### **SUPOSTO 3.-**

A persoa aspirante deberá elaborar, conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, un requirimento de subsanación dunha solicitude de licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos, presentada no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, na que, entre a documentación presentada, non se achegou copia do seguro de responsabilidade civil obrigatorio nin o xustificante acreditativo do pago das taxas municipais.

Os datos complementarios necesarios para a elaboración do requirimento son os seguintes:

- A copia do seguro de responsabilidade civil obrigatorio e o xustificante acreditativo do pago das taxas municipais son documentos de obrigada presentación para a tramitación da solicitude.
- Nome da solicitante: **Andrea Álvarez Álvarez**
- Enderezo da solicitante: **Rúa Antiga n.º 5, Viveiro**
- Rexistro de entrada da solicitude: **2025-E-RC-9999**

### **SUPOSTO 4.-**

A persoa aspirante deberá elaborar a certificación do seguinte acordo, adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro, na sesión extraordinaria celebrada no día de hoxe, 1 de abril de 2025, segundo consta na acta da referida sesión.

Os datos complementarios necesarios para a elaboración da certificación son os seguintes:

- Alcaldesa: **María Carmen Gueimunde González**
- Secretaria: **Mari Luz Balsa Rábade**

**O acordo sobre o que deberá realizarse a certificación é o seguinte:**

Visto o expediente tramitado para o outorgamento de licenza de obra para a substitución de tellado no inmovible sito en Rúa Verde n.º 1, Viveiro, a instancia de D. Pedro Díaz Díaz.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza de obra a D. Pedro Díaz Díaz para a substitución de tellado no inmovible sito en Rúa Verde n.º 1, Viveiro.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado.